

## **Instrucións para Participar no Club de Ping Pong**

Benvido/a ao Club de Ping Pong. O obxectivo deste espazo é divertirse, practicar a coordinación e mellorar as habilidades técnicas, sempre nun ambiente respectuoso e seguro. Para garantir un bo funcionamento, sigue as seguintes instrucións:

### **1. Inscripción**

1. Rexístrate indicando o teu nome e curso.

Informa á persoa responsable do club de ping pong se tes experiencia previa.

### **2. Material Necesario**

1. O club proporcionará mesas, pas e pelotas.

Podes traer a túa propia pa se o desexas, sempre que estea en bo estado.

Recoméndase levar roupa cómoda e calzado deportivo.

### **3. Normas básicas de comportamento**

Mantén unha actitude respectuosa, non interrompas partidas en curso e evita correr ao redor das mesas para non provocar accidentes. É importante coidar o material e utilizar as mesas unicamente para xogar.

### **4. Durante as sesións e normas de xogo**

**Sigue sempre as indicacións do coordinador ou coordinadora: partidas libres, minitorneos, adestramentos de saque ou xogos de precisión. Se tes dúbidas, pregunta con educación. Respecta as regras básicas do ping pong, como facer o saque correctamente, devolver a pelota sen agarrala e parar o xogo se a pelota invade outra mesa. Nos minitorneos, anota ben os resultados e mantén o xogo limpo.**

O club anima a mellorar pouco a pouco, probando novos efectos e xogadas. Ao rematar, recolle as pas e as pelotas e deixa o espazo ordenado. ~~A boa convivencia, o respecto e o ambiente agradable son fundamentais.~~